

Nome _____


Data _____

A lonxevidade das células

Segundo recentes investigacións, a maioría das nosas células viven menos de dez anos. Cando chega o momento, substitúense por outras novas, é dicir, sofren unha renovación.

Polo xeral, o momento de renovación prodúcese antes nos tecidos onde as células sofren ou traballan máis. Así, como termo medio, as células epiteliais renóvanse cada dúas semanas, e os glóbulos vermellos, cada catro meses.

Só algunhas células nos acompañan ao longo de toda a nosa vida; entre elas, a maioría das células do cerebro. A causa parece ser que a súa función é tan importante e delicada que non poden ter ningunha «distracción».

**1 Responde as preguntas.**

- A maioría das túas células son: igual, máis novas ou máis vellas ca ti?

- Que cres que contestarán os teus compañeiros? Por que?

**2 Analiza a renovación celular.**

- Explica en que consiste a renovación das células.

- Con que función vital das células está relacionada? Elixo a resposta correcta.

☐ Coa función de nutrición.

☐ Coa función de relación.

☐ Coa función de reprodución.

- Cres que as células do cerebro se reproducen? Por que?

3 Que sabes das células que menciona o texto?

- Sinala o nome que reciben as células do cerebro.

☐

Adipocitos

☐

Neuronas

☐

Glóbulos vermellos

☐

Nervios

- As células do mesmo tipo agrúpanse para formar tecidos. Como se chama o que forman as células da pregunta anterior?

- Que son os glóbulos vermellos?

- Subliña a palabra ou as palabras correctas:

As células que se perden nunha hemorraxia son *glóbulos vermellos* / *neuronas* / *adipocitos*.
A idade destas células que se perden é de *máis de seis* / *menos de catro* / *cinco* meses.

- En que se diferencian os glóbulos vermellos e as neuronas? Debuxa ambas as células.

4 A maioría das células do cerebro acompañannos durante toda a nosa vida.

- O cerebro é un órgano moi importante. Sabes para que serve?

- Cres que está formado por outros tecidos ademais do tecido nervioso? Por que?

5 Explica esta oración: «As células epiteliais, que recobren a superficie do noso corpo, renóvanse con frecuencia porque sofren moitos danos».
